

Don Pablo Montero Carrera, Secretario da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra

C E R T I F I C A:

Que na sesión da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra celebrada o día 09 de xaneiro de 2020, e segundo resulta do borrador da acta correspondente, e coa salvidade que establece o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

Asunto: *Apertura electrónica dos sobres “A” correspondentes á documentación administrativa presentada polas empresas que participan no procedemento aberto para a adxudicación do Servizo de produción e catering da gala de turismo para a promoción do destino Rias Baixas (Expte. 2019052073)*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 17 de decembro de 2019, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do *Servizo de produción e catering da gala de turismo para a promoción do destino Rias Baixas, dividido en dous lotes:*

Lote 1: Producción da Gala de Turismo

Lote 2.- Servizo de catering da Gala do Turismo

O anuncio de licitación deste contrato foi publicado no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 17 de decembro de 2019. Na mesma data publicáronse os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Presidente e o Secretario da Mesa de Contratación acceden á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda admitir ao Lote nº1 a seguinte empresa:



- GLOBAL SETUP SL D, S.L. (NIF: B-94.119.104)

E asimesmo acorda propor ao órgano de contratación declarar deserto o lote nº 2 ao non presentarse ningunha oferta.

E para que conste, esténdese a presente, en Pontevedra, a nove de xaneiro de dous mil vinte.